

A ROSA

Non se achegan polas espiñas
pois as miñas apertas
sempre deixan feridas
Inxenuos, non poden evitalo
Si o que queres é a flor
haste de pinchar.

Mira

*Son tan bonita
que cando me miran
xa se hipnotizan*

Escoita

*Son tan bonita
tan presumida
que de lonxe sinto
o seu desexo*

Outros ousados, a carón de min,
Coñécenme fráxil
¿que fixen pra ser así?
Inxenuos, preténdenme arrancar
Tan só por unha vez
Logo rematará

Mira

*Son tan bonita
que cando me miran
xa se hipnotizan*

Escoita

*Son tan bonita
tan presumida
que de lonxe sinto
o seu desexo
o seu desexo*

Mira

*Son tan bonita
que cando me miran
xa se hipnotizan*

Escoita

*Son tan bonita
tan presumida
que de lonxe sinto
o seu desexo*